

## ACTA Nº 7 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Betanzos, sendo as 13:30 horas do día 10 de marzo do ano 2017, previa convocatoria coa orde do día previamente establecida e comunicada aos compoñentes da mesa:

Se reúnen:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Varela Neira, en representación do Concello de Oleiros.
- D<sup>a</sup> Marta Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Antonio Vázquez Lorenzo, en representación do Concello de Betanzos.
- D. Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- D. Roberto Chao Gavilán, en representación do Concello de Bergondo.
- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- D. José Manuel Peña Penabad, en representación do Concello de A Coruña.
- D<sup>a</sup> Maria Couto López, en representación do Concello de Carral.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da mesma.

Polo Sr. Varela Tejedor se abre a sesión, e se procede a seguir a orde do día.

**Primer punto da orde do día:** Se aproba a acta da sesión anterior.

**Segundo punto da orde do día:** Por parte do Señor Peña Penabad (A Coruña) se manifesta que:

**A Mesa de Alcaldes/a** acordou, o 21 de febreiro de 2017, que o impulso ao transporte integrado será paralelo, e non conditio sine que non, ao proceso de constitución da AMC. En todo caso, manifestouse unánime a favor de impulsar esta materia e acordou que a perspectiva de traballo da Mesa de Alcaldes/a sería a de contemplar un plan único de transporte para un ámbito territorial que sería a AMC e que, no futuro, a AMC acolla unha Autoridade Única de Transporte.

1) Que a MMT elabore unha proposta de Plan de Traballo.



- 2) Solicitar entrevista coa Conselleira de Infraestruturas para avanzar no Plan Metropolitano de Transporte.
- 3) Incorporar técnicos da Xunta de Galicia na MMT se a Consellaría o considera pertinente.
- 4) Insistir na realización dunha xuntanza co Presidente da Xunta con todos os alcaldes e alcaldesa.

Así mesmo, os obxectivos establecidos pola citada mesa de alcaldes/a son os seguintes:

**Primeiro:** Consolidar a Mesa de Alcaldes/a e a MMT como os foros políticos e técnico respectivamente para o impulso e o deseño do transporte na AMC, foros polo tanto que establecerán en diante unha relación bilateral coa Xunta de Galicia.

**Segundo:** Facer avanzar o proceso de constitución da AMC.

**Terceiro:** Aproveitar a oportunidade que supoñen, combinadamente, o remate das concesións do transporte interurbano, a situación da concesión do transporte urbano da Coruña (pendente dunha consulta á Unión Europea que marcará a data de caducidade) e o proceso político que se abre na cidade da Coruña ca inminente proposta dun Pacto pola Mobilidade Sostible e o redeseño das redes ca participación técnica da Axencia da Ecoloxía Urbana.

**Cuarto:** Mellorar o rendemento do traballo que se realice na Coruña a través do convenio coa Axencia de Ecoloxía Urbana, dotando todo este proceso de perspectiva metropolitana.

O señor Diaz Grandio (A Coruña) manifesta que a problemática do transporte na área é un problema histórico sen resolver ata hoxe e que nos atopamos ante unha oportunidade, un tempo de oportunidades, derivado da caducidade das concesións de transporte regular de viaxeiros en autobús de carácter tanto urbano como interurbano, polo que sería a ocasión de intentar tomar as rendas do proceso de toma de decisións que se avexia, que non nos faga os deberes a Xunta que é a que ten as competencias e que debemos adoitar unha actitude proactiva. A estes efectos o goberno municipal de A Coruña pon a disposición de todo a área, no marco do seu propio proceso de redefinición de redes de mobilidade (con perspectiva metropolitana), **os recursos vinculados ao seu convenio coa Axencia de Ecoloxía Urbana, co obxectivo de conseguir unha soa rede integral e integrada.**



María José Varela (Oleiros) interven para dicir que efectivamente o remate das concesións nos sitúa ante unha situación ventaxosa para intentar intervir no deseño do futuro transporte metropolitano.


Javier Varela entende que nos atopamos ante dous planos distintos e que hai que actuar nos dous. Un deles é o do remate das concesións, no que debemos intentar estar nos equipos de elaboración dos pregos técnicos para intentar que se recollan as necesidades dos concellos da área. O segundo plano é utilizar a MMT como foro técnico que vaia avanzando na configuración do transporte metropolitano co obxectivo de constituir unha Autoridade Única de Transporte e Mobilidade.

María Couto (Carral) manifesta que non debemos esquecernos da integración dos carrís-bici entre todos os términos municipais e cos distintos modos de transporte, facilitando a súa intermodalidade.

Terceiro punto da orde do día: Se acorda que Javier Varela redacte un documento que se incluírá como anexo a este acta, unha vez aprobado, no que se reflexe con claridade a postura da Mesa metropolitana de Transporte.

Cuarto punto da orde do día: A próxima reunión terá lugar en Oleiros o vindeiro 21 de abril, salvo que sexa necesaria unha reunión extraordinaria.

E sen máis asuntos que tratar se levanta a sesión sendo as 15 horas do día indicado ut supra.



**Anexo á acta da Mesa Metropolitana de Transporte e Mobilidade (10/03/2017)**

**IMPULSO AO TRANSPORTE METROPOLITANO  
Marzo de 2017**

**ANTECEDENTES:**

1. A Mesa do Plan Integral Metropolitano de Transporte e Mobilidade, en diante **Mesa Metropolitana do Transporte (MMT)**, creouse ao abeiro do **Acordo de Mariñán** o 21 de abril de 2016. O “posicionamento” de partida incluía o desenvolvemento dunha “estratexia coherente” na contorna, asegurando que a “conexión da Coruña co resto de municipios limítrofes fose abordada de maneira solidaria e coordinada”. Apostábase, ademais, por “liñas de penetración multidireccionais”, “localización de intercambiadores”, “potenciación do transporte en malla” e “comunicación interparroquial non pendular”, sinalando “o reto e a oportunidade” que supoñían a caducidade das concesións tanto do transporte urbano da Coruña como das liñas de transporte interurbano.
2. Nos denominados “Obxectivos de Acción Mancomunada”, a MMT destacaba o tránsito “cara á conformación dunha autoridade única de transporte” e a aposta pola “reestruturación das liñas urbanas e interurbanas”.
3. Por último, entre os principais “fitos” a conseguir, canda a negociación coa Xunta de Galicia dos pregos concesionais do transporte metropolitano e a elaboración dun plan de viabilidade económica e técnica do impacto do ferrocarril, prevíase a “elaboración dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible metropolitano que contemplase integralmente a utilización das rías como infraestrutura de transporte, o ferrocarril, o transporte de demanda, os aparcadoiros disuasorios e os intercambiadores”.
4. Nas sucesivas xuntanzas da MMT, maniféstase a necesidade de que “os concellos da área se posicionen e teñan poder de decisión” e se avance cara a “unha autoridade única do transporte” e unha “rede integral metropolitana”. Reitérase unha e outra vez a importancia de contar con “matrices de orixe e destino” en toda a área metropolitana e non unicamente entre A Coruña e cada un dos concellos da contorna.
5. A **Declaración de María Pita**, asinada por seis alcaldes e unha alcaldesa da Área Metropolitana da Coruña (AMC) o 20 de outubro de 2016, sitúa entre os seus obxectivos “o fortalecemento da vertebración, a accesibilidade e a conectividade interior e exterior da cidade e da súa contorna funcional metropolitana”, ademais da “planificación e a xestión da mobilidade metropolitana apostando polos medios de transporte público como forma de superación da conxestión actual no conxunto do sistema viario metropolitano e nos accesos á cidade da Coruña en particular, como elemento superador das evidentes incapacidades do sistema á hora de permitir a permeabilidade na comunicación en malla”.
6. O **Presidente da Xunta de Galicia**, na súa entrevista co alcalde da Coruña o pasado 6 de febreiro, condicionou o seu apoio á constitución da AMC ao impulso do transporte metropolitano na cidade e na súa contorna.
7. A **Mesa de Alcaldes/a** acordou, o 21 de febreiro de 2017, que o impulso ao transporte integrado será paralelo, e non conditio sine que non, ao proceso de constitución da AMC. En todo caso, manifestouse unánime a favor de impulsar esta materia e acordou:



- A perspectiva de traballo da Mesa de Alcaldes/a sería a de contemplar un plan único de transporte para un ámbito territorial que sería a AMC e que, no futuro, a AMC acolla unha Autoridade Única de Transporte.
- Que a MMT elabore unha proposta de Plan de Traballo.
- Solicitar entrevista coa Conselleira de Infraestruturas para avanzar no Plan Metropolitano de Transporte.
- Incorporar técnicos da Xunta de Galicia na MMT se a Consellaría o considera pertinente.
- Insistir na realización dunha xuntanza co Presidente da Xunta con todos os alcaldes e alcaldesa.

### OBXECTIVOS PLANTEXADOS POLA MESA DE ALCALDES E ALCALDESA:

1. **Consolidar a Mesa de Alcaldes/a e a MMT como os foros políticos e técnico** respectivamente para o impulso e o deseño do transporte na AMC, foros polo tanto que establecerán en diante unha relación bilateral coa Xunta de Galicia.
2. **Facer avanzar o proceso de constitución da AMC.**
3. **Aproveitar a oportunidade** que supoñen, combinadamente, o **remate das concesións** do transporte interurbano, a situación **da concesión do transporte urbano da Coruña** (pendente dunha consulta á Unión Europea que marcará a data de caducidade) e o proceso político que se abre na cidade da Coruña ca inminente proposta dun **Pacto pola Mobilidade Sostible** e o **redeseño das redes ca participación técnica da Axencia da Ecoloxía Urbana.**
4. **Mellorar o rendemento do traballo que se realice na Coruña** a través do convenio coa Axencia de Ecoloxía Urbana, dotando todo este proceso de perspectiva metropolitana.

2

### PROPOSTA DA MMT:

1. Trasladar o acordo da Mesa Metropolitana do Transporte a unha nova convocatoria, a celebrar de xeito inminente, da Mesa de Alcaldes/a. Nesta Mesa de Alcaldes/a tratarase asimismo unha proposta de proceso participativo arredor do documento de estratexia metropolitana.
2. Propostas da MMT á Mesa de Alcaldes/a:
  - A MMT **debe dar cumprimento á vontade expresada pola Mesa de Alcaldes/a de impulsar e liderar a planificación da mobilidade na comarca**, coherente co espírito do Acordo de Mariñán e da Declaración de María Pita, indo máis alá da mera coordinación entre concellos para a penetración do transporte interurbano na cidade da Coruña. A MMT plantea como cuestión imprescindible o establecemento dun cauce de diálogo ca Xunta de Galicia.
  - O obxectivo último dos dez concellos impulsores é a consecución da área Metropolitana da Coruña, sen prexuízo de ir avanzando na constitución dunha Autoridade Única de Transporte e Mobilidade, que unha vez creada



formalmente a área, integrárase na estrutura da mesma, segundo decídase no seu momento.

- Entendemos que hai que ir cara a unha nova forma de gobernar a mobilidade metropolitana baseada na negociación e o diálogo entre institucións públicas non xerarquizadas e independentes e que o intercambio de información e formulacións, a integración funcional das diferentes actuacións e servizos e a vontade política de concentración institucional son a mellor garantía para o éxito.
- É imprescindible contar coa participación activa de profesionais e expertos de distinta procedencia que acheguen distintos enfoques á análise e a reflexión, matizando e detallando ao máximo as decisións a tomar para lograr o proceso de integración con maiores probabilidades de éxito.
- Faise imprescindible comezar a colaboración interinstitucional canto antes de forma tal que non se outorgue ningunha nova concesión de transporte público na área da coruña sen o consenso necesario e derivado da devandita colaboración integradora.

O Concello da Coruña, no marco do seu propio proceso de redefinición de redes de mobilidade (con perspectiva metropolitana), **pon ao dispor da comarca os recursos vinculados ao seu convenio coa Axencia de Ecoloxía Urbana.**

- A MMT constata a necesidade de aproveitar a oportunidade que abre o proceso da Coruña, e solicita á Mesa de Alcaldes/a a tomar as decisións oportunas para impulsar, se non un Plan de Mobilidade Urbana Sostible metropolitano ao completo (obxectivo do Acordo de Mariñán previsto para decembro de 2017), si cando menos un estudo de redes para o transporte público de viaxeiros (autobús).
- A vontade política é un alicerce esencial á hora de dar pasos importantes cara á integración. Tamén o é a continuidade estratéxica nas políticas integradoras de mobilidade, que debería estar por encima dos cambios de goberno e os intereses meramente partidistas que tan habitualmente fan virar o rumbo de moitas iniciativas.
- Proponse que a MMT quede constituída como foro técnico para a planificación do transporte metropolitano, á que se incorporarán técnicos da Xunta de Galicia se a Consellería de Infraestruturas así o decide trala xuntanza de súa responsable coas alcaldías da área.
- Trasladar á Xunta de Galicia que a MMT é o instrumento técnico único da conferencia de alcaldes impulsores da área Metropolitana da Coruña a través da que se coordinará a colaboración intersectorial e interinstitucional a fin de abordar e expor estratexias multisectoriais de solución á problemática do sector no ámbito territorial que abarcan os dez concellos impulsores, entendendo que a coordinación é un principio básico para a toma de decisións e para a mellor implementación de proxectos que incidan no transporte metropolitano en todos os seus modos.
- A Mesa será tamén o instrumento técnico para a planificación, avaliación e análise da eficiencia nas políticas metropolitanas de transporte, identificando prioridades, definindo metas, indicadores, estratexias necesarias para alcanzalas e medidas de verificación do traballo interinstitucional que se vaia desenvolvendo.

- No futuro poderían integrarse tamén representantes das outras autoridades noutros modos de transporte, tales como o ferroviario, o áreo ou o marítimo.

No seo da MMT elaborárase un **plan de traballo**, conxunto entre os concellos da AMC e a Consellería de Infraestruturas, de acordo coas directrices e baixo a supervisión da Mesa de Alcaldes/a e da Consellería de Infraestruturas, que permita desenvolver un novo modelo de transporte metropolitano, tanto no que ten que ver coas redes (integración plena) como no que respecta ao financiamento (procurar unha maior implicación da Xunta) e á súa xestión (Área Metropolitana, autoridade única).

- É necesario desenvolver un transporte público metropolitano orientado ao cidadán, para o que se fai imprescindible saber as súas necesidades, a través da confección de matrices orixe-destino, que permitan saber coa maior exactitude posible os hábitos de desprazamento da poboación, así como as carencias que manifesta o sistema respecto das demandas cidadás. É preciso, por tanto, abordar un estudo integral do sistema de transporte no ámbito da AMC. O seu financiamento e contratación veríase detallado nun Convenio ad hoc entre a Consellería de Infraestruturas e os dez concellos da AMC.
- En todo caso, **a apertura deste novo horizonte é compatible coa implementación provisional do Plan de Accesibilidade** do Transporte Interurbano da área metropolitana da Coruña, condicionado tanto á posta en funcionamento da estación intermodal de San Cristóbal como á construción da Área Metropolitana. **A MMT considera que a penetración de autobuses na cidade da Coruña implica a implantación e a construción das infraestruturas de vías segregadas**, xa que se trata dunha das condicións de viabilidade do propio Plan e dun instrumento dunha política de eficiencia e promoción do uso do transporte colectivo. Trátase de enfocar dende unha visión metropolitana un problema que afecta a este territorio e non dunha visión tinguida de puntos de vista "locais".
- É necesario considerar outros servizos de transporte colectivos e modos de desprazamento individual (ferry, coche compartido, bicicleta, andando), xa que non hai que esquecer que o transporte público non adoita parar na porta da casa dos viaxeiros

A MMT traslada o seu acordo á Mesa de Alcaldes/a e solicita que se reúna en canto sexa posible para avanzar na cuestión.

Betanzos, 10 de marzo de 2017

